

**MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE
A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO DA XUNTA DE GALICIA E FARMACÉUTICOS
MUNDI PARA ACTUACIÓNS DE ACCIÓN HUMANITARIA E DE
EMERXENCIA.**

(1) A vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a través da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE e da súa Subdirección Xeral de Cooperación Exterior, é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de cooperación para o desenvolvemento.

A política da Xunta de Galicia en materia de cooperación ao desenvolvemento enmarcase no establecido na Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento. O artigo 2 da citada Lei enuncia entre os obxectivos da cooperación para o desenvolvemento:

- Atender as situacións de emerxencia das poboacións máis desfavorecidas que requiran da cooperación externa, tanto mediante axuda humanitaria coma mediante accións dirixidas á reconstrución e ao restablecemento institucional.

(2) Antecedentes:

Dende o ano 2009, a Xunta de Galicia (tanto a través da extinta Fundación Axencia Humanitaria de Galicia como a través da D.X. de Relacións Exteriores e coa UE) vén colaborando con Farmacéuticos Mundi para levar a cabo actuacións de axuda humanitaria e de emerxencia mediante a dotación dun fondo para emerxencias que permita unha resposta rápida nas emerxencias acaecidas, ademais de manter un material en stock no centro loxístico que a organización posúe en Paterna, Valencia.

Esta colaboración con Farmacéuticos Mundi que é unha entidade sen ánimo de lucro e que ten entre os seus fins sociais levar a cabo actuacións de acción humanitaria e de emerxencia no ámbito farmacéutico e humanitario para axudar ás poboacións máis desfavorecidas dos países en vías de desenvolvemento, vítimas de catástrofes de orixe natural ou humano. Así mesmo, xestiona o envío de medicamentos, material sanitario



ou de primeira necesidade a poboacións con carencias neste tipo de suministros. Para elo, esta ONGD garantiza o cumprimento da normativa internacional ditada pola OMS.

(3) **Finalidade** Co fin de dar continuidade á colaboración co Farmacéuticos para a execución de actuacións e proxectos en materia de acción humanitaria e de emerxencias en países con poboacións afectadas por catástrofes de orixe natural o humano, tense previsto formalizar o instrumento convencional arriba referido por un período subvencionable que abrangue inicialmente dende o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2021.

(4) O convenio ten por **obxecto** atender as necesidades máis urxentes das poboacións afectadas por catástrofes de orixe natural o humano, con especial énfase nos colectivos máis vulnerables, mediante a provisión inmediata de bens e servizos esenciais para a supervivencia (auga, abrigo, medicamentos, atención sanitaria e/u outro material de primeira necesidade), e paliar o sufrimento das poboacións afectadas por crises de longa duración e desequilibrios crónicos e estruturais, con énfase en países e poboacións de menor Índice de Desenvolvemento Humano (IDH).

(5) Tendo en conta as especificidades que se requiren nas actuacións de atención das emerxencias, que son de claro interese público humanitario e inciden directamente no ámbito da poboación en xeral, a necesidade da súa urxente posta en marcha, así como a natureza específica da entidade destinataria, a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE considera que o proxecto reúne os requisitos esixidos para a concesión directa da subvencións segundo o artigo 26 da Lei 9/2007, do trece de xuño, de subvencións de Galicia, e segundo o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Subvencións de Galicia, ao non ser posible promover a concorrência pública dada a especificidade das actividades que son de interese público humanitario e maila natureza da entidade destinataria da subvención.



(6) A Xunta de Galicia financiará o proxecto cunha achega total de 50.000 € (cincuenta mil euros), con cargo a aplicación orzamentaria 05.26.331A.490.0.

(7) Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Asinado electrónicamente en Santiago de Compostela
O director xeral de Relacións Exteriores e coa UE

Jesús Gamallo Aller

